

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Español				
Materia	Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Español			
Código	V01G230V01102			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Rodríguez Barcia, Susana			
Profesorado	Rodríguez Barcia, Susana			
Correo-e	barcia77@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia revisa en profundidade e reforza os coñecementos que posúen os discentes dunha das súas linguas maternas, o español. Ademais, a materia incide na aplicación práctica da norma académica adaptada á construción de discursos orais e escritos de carácter formal en contextos comunicativos diversos.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C10	Capacidade de traballo en equipo
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C27	Capacidade de razoamento crítico
D1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
D12	Traballo en equipo
D15	Aprendizaxe autónoma
D18	Creatividade
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
D23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe			
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Desenvolver as habilidades de comprensión e de expresión escrita.	A2 A3	C4	D1

Ampliar o repertorio léxico e textual na lingua materna español.	A1	C3	D15 D23
Fomentar a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e culturais á análise, creación e revisión de todo tipo de textos.	A2	C10 C18	D1 D18
Capacitar ao alumnado para analizar, sintetizar e extraer de forma crítica a información principal e secundaria dunha manifestación discursiva oral ou escrita e poñela en común.	A4	C18 C27	D12
Proporcionarlle a información e ferramentas necesarias ao discente para que manexe con soltura os recursos bibliográficos de calidade que contribúan a un óptimo desenvolvemento das actividades profesionais de corrección, traducción e interpretación textual.	A5	C4 C27	D22

Contidos

Tema	
Tema 1. Aspectos avanzados da ortografía do español.	1.1. Últimos cambios normativos. 1.2. Uso de signos ortográficos. 1.3. Maiúsculas e minúsculas. 1.4. Dificultades específicas.
Tema 2. Ortotipografía.	2.1. Ortotipografía dos elementos tipográficos. 2.2. As referencias bibliográficas.
Tema 3. Textura discursiva.	3.1. Coherencia e cohesión textual. 3.2. Xéneros discursivos e secuencias textuais. 3.3. Modos de organización do discurso.
Tema 4. Aspectos avanzados da comunicación en español.	4.1. A producción do discurso oral. 4.2. Xéneros discursivos orais.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	3	5
Sesión maxistral	18	45	63
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	14	21	35
Resolución de problemas e/ou exercicios	6	18	24
Traballos de aula	4	8	12
Probas de tipo test	2	0	2
Traballos e proxectos	2	7	9

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividade introdutoria. Durante a primeira sesión buscarase recoller información sobre os coñecementos de partida, os intereses e as motivacións dos discentes. Ademais da presentación da materia, farase unha pequena proba inicial (non puntuable na avaliación final) que servirá como valoración de nivel.
Sesión maxistral	Actividade teórica. Consiste na exposición dos contidos xerais da materia co obxectivo de comunicar coñecementos e metodoloxías de análise. As explicacións estarán ordenadas e ben estruturadas e contarán con exemplos claros que aseguren a comprensión dos contidos. Ocasionalmente poderán estar apoiadas por presentacións.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Formularanse na aula ou a través da plataforma TEMA unha serie de problemas e exercicios relacionados coa materia traballada nas clases. O obxectivo é reflexionar e relacionar teoría e práctica. Tamén constitúe unha actividade básica para reforzar os coñecementos que se van adquirindo.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Formularanse na aula unha serie de problemas e exercicios relacionados coa materia traballada nas clases. O obxectivo é reflexionar e relacionar teoría e práctica. Tamén constitúe unha actividade básica para reforzar os coñecementos que se van adquirindo. Neste caso, non se realizarán de forma autónoma, senón coa colaboración de todo o alumnado na liña dos debates, discusións e posta en común de información.
Traballos de aula	Actividade práctica orientada na aula polo docente. Aínda que o alumnado poderá traballar de forma autónoma na materia, estes traballos de aula terán como obxectivo a proposta de certas actividades que se desenvolverán coa colaboración de alumnos e docente durante catro sesións presenciais dunha hora cada unha.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición

Traballos de aula	Para a realización de traballos ou proxectos, así como para a resolución de exercicios e problemas propostos na aula, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Por ese motivo, recoméndase a consulta individual ou en pequenos grupos nas titorías, ben nas previamente marcadas polo horario oficial do docente, ben nas concertadas entre docente e discentes.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Para a realización de traballos ou proxectos, así como para a resolución de exercicios e problemas propostos na aula, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Por ese motivo, recoméndase a consulta individual ou en pequenos grupos nas titorías, ben nas previamente marcadas polo horario oficial do docente, ben nas concertadas entre docente e discentes.
Probas	**Descrición**
Traballos e proxectos	Para a realización de traballos ou proxectos, así como para a resolución de exercicios e problemas propostos na aula, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Por ese motivo, recoméndase a consulta individual ou en pequenos grupos nas titorías, ben nas previamente marcadas polo horario oficial do docente, ben nas concertadas entre docente e discentes.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Probas de tipo test	Consistirá nun exame tipo test que abordará os contidos do curso. Realizarase na última sesión teórica do cuadrimestre.	25	A1	C4	D1 D23
Traballos e proxectos	Consistirá na elaboración de tres traballos propostos na clase e a través de faitic nos que se avaliará a competencia do alumnado no relativo ao dominio das técnicas e mecanismos de corrección, síntese e redacción dun texto. Os traballos deben subirse a faitic (apartado de exercicios) e a data límite de entrega fixarase nesta plataforma. O último dos traballos será exposto oralmente nas clases prácticas do mes de novembro de 2015.	75	A2 A3 A4 A5	C3 C10 C18 C27	D12 D15 D18 D22

Outros comentarios sobre a Avaliación

Ao inicio do curso, o alumnado deberá decidir a forma de avaliación pola que opta, é dicir, avaliación continua (asistencia regular, traballos de aula, presentacións, proxectos, probas, etc.) ou avaliación única. Os discentes que se acollan ao sistema de avaliación única realizarán un exame no que terán cabida cuestións teóricas e prácticas e que terá lugar o meso día que para o alumnado de aviación continua, na última sesión teórica do cuadrimestre. O alumnado que opte pola avaliación continua e que non supere a materia ao final do cuadrimestre poderá presentarse á convocatoria oficial de xullo e ás sucesivas convocatorias, nas que non se gardarán as cualificacións obtidas nos distintos traballos e probas. A avaliación en xullo consistirá nun exame que terá lugar na data oficial marcada pola FFT.

O estudantado Erasmus poderá realizar as probas coa axuda dun dicionario.

En todos os trabalhos e proxectos propostos ao longo do curso penalizaranse os erros ortográficos, os erros na expresión, as incoherencias sintácticas, etc. Se durante a corrección de actividades e traballos detéctase copia ou plaxio, os referidos traballos non se valorarán.

A entrega de exercicios e traballos farase a través de Faitic. Dos tres traballos avaliados, o último terá que exporse oralmente nas clases de prácticas do mes de novembro.

Bibliografía. Fontes de información

Briz, Antonio (coord.), **Saber hablar**, Madrid: Aguilar,

Calsamiglia Blancafort, Helena y Tusón Valls, Amparo, **Manual de análisis del discurso**, Barcelona: Ariel,

Cervera, Ángel, **Guía para la redacción y el comentario de texto**, Madrid: Espasa,

Gómez Torrego, Leonardo, **Ortografía y Gramática. Las normas académicas: últimos cambios**, Madrid: SM,

Martínez de Sousa, José, **Ortografía y ortotipografía del español actual**, Gijón: Trea,

Real Academia Española, **Ortografía de la lengua española**, Madrid, Espasa,

Real Academia Española, **Diccionario panhispánico de dudas**, Madrid, Santillana,

Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española, **Nueva gramática de la lengua española**, Madrid: Espasa,

Sánchez Lobato, Jesús (coord.), **Saber escribir**, Madrid: Aguilar,

Ao longo do curso poderán indicarse outras lecturas específicas.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Español/V01G230V01402

Outros comentarios

Para o estudantado Erasmus, recoméndase que o nivel de español sexa como mínimo B1.